

sol/e

4-12
anos

edición

Cardos



SOL E CARDOS: campamentos de verán da Fundación Luis Seoane

PROGRAMA:

A edición e os retos creativos serán a temática dos nosos campamentos Sol e cardos 2021. As nenas e nenos de idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos organizaranse segundo grupos de idade para realizar proxectos artísticos e editoriais baseados no Laboratorio Escóttasme? Cada día traballaremos sobre un tema, nos que a obra plástica, o pensamento e o universo de Luis Seoane son os motores do curso. Ao final de cada sesión propoñerase un reto para desenvolver. Ao día seguinte, todos expoñeremos os nosos traballos e comentáremoslos. En paralelo, desenvolveremos un taller de edición e encadernación, que rematará coa presentación do catálogo da exposición Escóttasme?

Cada semana abordaremos, mediante a dinámica de retos creativos, os seguintes puntos:

- Presentación do artista invitado e reto proposto
- Diccionario de palabras inventados
- Deseña a túa propia exposición e caderno de artista.

A didáctica será impartida polo equipo de Sistema Lupo en colaboración co creador Tono Galán; relacionando arquitectura, deseño, edición e a experiencia artística. A través do xogo os participantes mergullaranse en procesos creativos que implicarán o traballo en equipo a través de dinámicas cooperativas.

CALENDARIO VERÁN 2021

Semana 1 - 28 xuño a 2 xullo

Semana 2 - 5 xullo a 9 xullo

Semana 3 - 12 xullo a 16 xullo

Semana 4 - 19 xullo a 23 xullo

Semana 5 - 26 xullo a 30 xullo

*Cumpriranse e aceptarán as cláusulas de protocolos sanitarios facilitadas polo Instituto da Mocidade



DIRECCIÓN E COORDINACIÓN:

Fermín Blanco / Mr. Lupo
www.sistemalupo.com

DURACIÓN:

Luns a venres: 10.00 a 14.00h

INICIO:

21 de xuño de 2021

LUGAR:

Sede Fundación Luis Seoane

PREZO:

50 euros por semana

DESCONTOS:

- 10% dous ou máis irmáns
- 10% dous ou máis semanas

INSCRIPCIÓN E INFO:

981 216 015
info@fundacionluisseoane.gal
www.fundacionluisseoane.gal

| | |
|-----------|--------|
| Nome | |
| Apelidos | |
| Idade | |
| Rúa | |
| C.P | Cidade |
| Provincia | |
| Teléfono | |
| E-mail | |

**INGRESO A REALIZAR NA CONTA DE
ABANCA ES64 2080 0008 31 3040016673**

**ENVÍO DE RESGARDO
E DATOS PERSOAIS:**
Fundación Luis Seoane,
Rúa San Francisco nº27
15001 A Coruña.

+INFO:
info@fundacionluisseoane.gal

Dacordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais e dos do menor inscrito na actividade é a Fundación Luis Seoane, con dirección na rúa San Francisco, 27, 15001, en A Coruña. A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais e os do menor é o consentimento expreso que nos outorga mediante a firma do presente documento. Os seus datos persoais e os do menor serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, facturación e cobro do servizo, así como para a xestión administrativa e contábil derivada da actividade. Nin os seus datos nin os do menor se cedrán a terceiros, salvo que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos e/ou os do menor, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar nas oficinas do fundación sitas no enderezo enriba indicado ou ben solicitándoa por enderezo electrónico: info@fundacionluisseoane.gal

Uso de fotografías e/ou vídeos: coa finalidade de promocionar a actividade desenvolvida pola Fundación, a través das actividades para nenos organizadas, gustaríanos contar co seu consentimento para a toma e publicación de imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer o menor ao seu cargo, para a súa publicación tanto na páxina web oficial da fundación, con dominio www.fundacionluisseoane.gal, no perfil aberto en Facebook, Instagram e Twitter co nome "Fundación Luis Seoane", e/ou en publicacións que se podan efectuar en medios de comunicación sobre os eventos e actividades organizados pola área de cultura do fundación. Por favor marque a casilla que se axuste, en cada caso, aos permisos que quere darnos.

FOTOGRAFÍAS/VIDEOS

- Sí, dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes e/ou vídeos, nos que poida aparecer o meu fillo/a ou menor tutelado a través das canles mencionadas.
- Non dou o meu consentimento para que publiquen imaxes e/ou vídeos, nos que poida aparecer o meu fillo/a ou menor tutelado.

Fundación Luis Seoane infórmalle que en calquera momento vostede poderá proceder a retiralo consentimento facilitado para a publicación de imaxes e/ou vídeos, mediante comunicación dirixida ao enderezo enriba indicado, sen que elo anule a lexitimación dos tratamentos que se efectuaron dende que se otorgou o consentimento ata que vostede nolo retirou.

Sinatura:

